

# LUME

VOCEIRO DE ENSINO MEDIO DE GALIZA NOVA  
NÚMERO 16 - ABRIL DE 2023



**25** FOLGA  
ABRIL ESTUDANTIL

**DAS AULAS ÁS RÚAS**  
*POLA DEFENSA DO NOSO ENSINO*

Máis unha vez o estudiantado galego colle forza e voz nas rúas da Galiza. Faino tras varios anos de empeoramento do noso ensino após a pandemia da Covid-19, cun ensino máis privatizado e desgaleguizado.

No ensino medio, malia ter deixado atrás leis lesivas como a LOMCE, o certo é que a LOMLOE, impulsada polo actual goberno de PSOE e Unidas Podemos, é completamente **insuficiente na defensa do ensino público, pedagóxico e en galego**. Mentres, a Xunta de Galiza continúa cos **recortes en profesorado e recursos na escola pública**.

Na Formación Profesional, o goberno do Estado converteu a FP Básica nun tipo de FP Dual, sendo esta última prexudicial na nosa formación e convertendo o alumnado en maior man de obra barata para as empresas. Mentres, a Xunta avanzou na privatización da FP **subvencionando ofertas educativas concertadas e centros privados fronte aos recortes de oferta pública, especialmente nas nosas vilas**.

Na Universidade, o goberno español aprobou a LOSU, unha lei que avanza na centralización e

privatización, onde **se iguala en dereitos a Universidade pública e privada**. Mentres a Xunta nega a ampliación de prazas e mantén a precarización na pública, **ABANCA creou a primeira universidade privada no noso País**.

Por todo isto, e moito máis, desde Galiza Nova chamamos o estudiantado galego a secundar a folga estudantil impulsada por **Erguer. Estudiantes da Galiza** este **25 de Abril**. Facémolo co convencemento de que a loita estudantil ten que facer retroceder o avance privatizador, desgaleguizador, colonial e antipedagóxico no conxunto do ensino galego.

É hora de **avanzarmos cara unha Lei Galega de Educación** cun modelo radicalmente alternativo, que der ao estudiantado galego a posibilidade de se formar en galego, coñecendo a súa propia Historia e cultura, cunha aposta clara polo ensino público, pedagóxico, científico e non patriarcal. En definitiva, é hora de avanzarmos cara unha lei adaptada á nosa propia realidade, a realidade do estudiantado e do pobo galego.



Desde Galiza Nova queremos construír un país con oportunidades no que os dereitos da mocidade estean totalmente garantidos. Para isto, pulamos por unha Galiza ceibe contra a explotación e pola liberdade do pobo galego.

En materia de ensino, Galiza Nova aposta por alternativas claras e en positivo co obxectivo de que o ensino se adaptar ás necesidades do estudantado galego. Estas son as nosas propostas.

**1. RECUPERARMOS TODAS AS COMPETENCIAS EN MATERIA DE ENSINO PARA A XUNTA DE GALIZA, EN CONTRA DO PROCESO DE UNIFORMACIÓN DO ESTADO.**

**2. ELIMINACIÓN DOS CONCERTOS COS CENTROS PRIVADOS, ESPECIALMENTE CON AQUELES NON LAICOS E QUE SEGREGAN POR RAZÓN DE XÉNERO.**

**3. APOSTA POLA INCORPORACIÓN DO GALEGO COMO LINGUA VEHICULAR EN TODAS AS MATERIAS NO ENSINO MEDIO E SUPERIOR.**

**4. SUPRESIÓN DA SELECTIVIDADE, NA PROCURA DUN ENSINO PEDAGÓXICO QUE PULE POLA AVALIACIÓN CONTINUA.**

**5. CREACIÓN DUNHA LEI GALEGA DE EDUCACIÓN QUE CONTE COA PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA GALEGA.**



## **MOBILIZACIÓNS ÁS 12H**

A CORUÑA, praza do obelisco

COMPOSTELA, alameda

LUGO, edificio multiusos da xunta

OURENSE, subdelegación do goberno

PADRÓN, pasarela diante IES Camilo José Cela

PONTEVEDRA, praza da peregrina

VIGO, farola de Urzáiz

### **ÚNETE A NÓS, VÉN CONSTRUIR GALIZA**

Se desexas recibir máis info ou colaborar connosco, podes contactarnos no noso correo [nacional@galizanova.gal](mailto:nacional@galizanova.gal) ou nas nosas canles de **FB**, **TW** e **IG**